

## TERMINOLOXÍA TOPONÍMICA RELATIVA Á ARQUITECTURA CIVIL NA DOCUMENTACIÓN ALTOMEDIEVAL DE GALICIA

Xaime Varela Sieiro

Nos albores dos estudos sobre a toponimia galega o P. Sarmiento destacaba xa o valor da documentación medieval, entre outros, para desentrañar a etimoloxía e o significado das designacións de lugar: «He consultado los libros antiguos latinos. He leído muchos instrumentos latinos de la Edad Media, muchos instrumentos antiguos castellanos, y bastantes instrumentos antiguos escritos en gallego [...] Mi fin en esto ha sido para adaptar a los mixtos el latín correspondiente que se halla en los libros, y para tropezar con el origen etimológico de muchas voces, ya gallegas, ya castellanas»<sup>1</sup>.

Máis de dous centos anos despois, A. Moralejo Laso nos seus traballos sobre toponimia galega e leonesa esbozaba as distintas posibilidades de análise ás que os topónimos podían e mesmo debían ser sometidos. Unha delas consistía tamén na consideración dos textos medievais pois xulgaba necesario e importante «recoger y ordenar también los nombres de lugar y aun los personales, en sus formas variables a través de la Edad Media y tiempos siguientes, sacándolos de todas las fuentes disponibles desde las literarias hasta los más insignificantes documentos. De este modo se tendrían distintas formas cronológicas de unos mismos nombres, según el grado de evolución o por otros motivos, los cuales ayudarían a explicarlos, y también seguramente topónimos hoy perdidos [...]»<sup>2</sup>.

Nos últimos anos as análises lingüísticas pormenorizadas da terminoloxía toponímica na prosa notarial medieval comezan, por fin, a xurdir. Un dos exemplos máis notables é o estudo realizado por M. del P. Álvarez Maurín sobre a diplomática asturleonese (a. 775-1230). O seu estudo fundaméntase nunha análise de conxunto das designacións de lugar, incluíndo como ela sinala «el conjunto de procesos estilísticos y semánticos, así como de fijación gráfico-fonética, morfológica y sintáctica, que tienen lugar a la hora de imponer una designación a un lugar»<sup>3</sup>.

Unha constante existe na obra dos autores mencionados: a clasificación dos topónimos segundo os motivos que os suscitaron. Seguindo esta liña, no noso ánimo

está presentar qué elementos relativos á arquitectura civil deixaron constancia na toponimia altomedieval de Galicia; para isto, o corpus que manexamos conta con máis de 4000 actas datadas entre o século VIII e o 1250 procedentes de preto de 40 entidades relixiosas do actual espazo administrativo galego<sup>4</sup>. A metodoloxía seguida consiste en analizar brevemente o apelativo e os topónimos ós que deu lugar; sen dúbida, un estudo máis exhaustivo, de conxunto, na liña proposta por Moralejo Laso, sería, o máis axeitado pero demasiado amplo para esta ocasión.

#### a. Topónimos que evocan núcleos habitacionais ou formas de establecemento humano

1. Do andalusí *arrabádo* ‘barrio’ (DAI, s. u. *arrabal*) atopamos nos textos galegos tanto o apelativo *arraualde* (Ce. 7, 950) como varias designacións de lugar: *Arraualdo* \*(Os. 54, 1174), \**Araualdo* \*(Ra. 17, 1232) ou en \*CO. 128, 1231, *casale in parrochia Sancti Laurentii de Seabal, in loco qui dicitur Arraualdo*. En principio, e tal e como o testemuñan algunhas actas, eran pequenos núcleos de poboación xurdidos nas aforas das cidades e a elas supeditados<sup>5</sup>. Por outra parte, constatamos que a forma maioritaria no período medieval gráfase con -u- e que as designacións topónimicas escollen a terminación -aldo fronte a -alde nos nomes comúns.
2. Tamén ó andalusí *bárri* ‘exterior’ semella, finalmente, que remontan tanto o nome común *barrio* (Ce. 30, 1105) coma ós topónimos suscitados por estas pequenas poboacións que integraban ou dependían dunha maior, normalmente dunha *uilla*, véxase, \*CO. 66, 1219, *hereditatis quam habeo in uilla de Mizquita locis uille dictis Barrio et Milmanda*.
3. A partir do século XII (en \*Sa. 85, 1104) atopamos nos documentos de Galicia o apelativo *burgo* < xerm. *burgs* ‘cidade’, para aludir á fundación de novos núcleos habitacionais, por exemplo, TA. 117, 1168, *ut nouum burgum et portum edificetis et instituatis in terra santi Iacobi*. Pola contra, como topónimo medieval é difícil rastrexalo pois como parece foron fundacións bastante tardías; pero a igrexa do burgo de Tricastela xa se coñece con este nome en Sa. 53, 1175, *apud Triacastelle ecclesiam sancte Marie de Burgo*. Por outra parte, o tratamento como apelativo ou topónimo provocará nalgúns editores problemas á hora de editar os docs. incluso cando o referente é o mesmo, véxase, SoII. 114, 1173, *et est in illo burgo Santi Tirsi* fronte a SoII. 115, 1174, *casa quam habeo in illo Burgo Sancti Tyrsi*.
4. Un derivado adxectivo en -ale ou -are formado sobre o radical *casa* constitúe a xénese da voz *casale* / *casare* tan frecuente no noso corpus documental como designación toponímica e, sobre todo, como nome común (aprox. nun 15% das actas). Téstanlo dende o século X (Ce. 232, 923) con forte implantación a partir do a. 1150. Polo seu emprego contextual deducimos que podía deno-

*Terminoloxía relativa á arquitectura civil na documentación altomedieval de Galicia*

tar distintos tipos de realidades: terreo para edificar, terreos dunha propiedade, lugar de habitación e, sobre todo, unidade de explotación agrícola centrada ó redor dunha familia. Pois ben, nos documentos xa constatamos tamén a presenza de nomes de lugar motivados por estas unidades de explotación, entre eles, Ce. 56, 1095, *et dedimus illis aliam (uillam) quam dicent Casares non longe a sua ecclesia integra*; SoII. 167, 1220, *loco nominato Casal de Petro Amigo*; So. 155, 1160, *de patre Munio Pelazi... ipsa hereditas uocatur Casar de Sancho*; So. 172, 1171, *uillam quam uocitant Kasale de Sancio* ou So. 187, 1160, aínda que a editora o transcribe con minúscula: *Hec sunt nomina hereditatum de predicto Munio Petri uidelicet Guardam et Teixeira, kasal de Sancio, Espinito*; ou mesmo nos seguintes docs. onde semellan ser microtopónimos: Ce. 15, 1076, *hereditatem... ubi dicunt casar de Ramiri* ou Ce. 45, 1106, *in loco predicto sancte Marie de Ansemire ubi dicunt kasare de tio Eita*. O proceso de formación de topónimos coma os anteriores parece partir, en efecto, dun microtopónimo que identificaba ese casal, senón véxase, So. 217, 1201, *casale quod uocitant do Teixo* e xa en So. 229, 1205, *totius hereditatis... in casal do Teixo*.

Todos estes topónimos presentan, por outra parte, un poligrafismo semellante ó do apelativo que os evoca aínda que as variantes obedecen, basicamente, á notación da oclusiva velar inicial *-c-* / *-k-* e á elección do sufixo *-ale* ou da variante disimilada *-are*.

5. O substantivo latino *castrum* ‘praza forte, campamento’ continuou o seu uso na Idade Media galega e aludía normalmente a antigos «castros» poboados ou non ou ben a novas edificacións castrais coma castelos e fortalezas. Esta voz tamén está na orixe de moitas e variadas indicacións de lugar, por exemplo, en To. 11, 1152, *Sancti Petri de Castro*; en Ce. 516, 1039, *sub castro quod uocitant Castro Malo* ou coa variante *Castro Magno* (Ce. 274, 1043); a un Castromao tamén parece referirse a forma *Castro de Humano* (Sa. 54, 1125); pola súa banda, en Sa. 116, 1103, apreciamos o cambio dun nome de lugar, *Beterici, que modo dicunt Trascastro, medio ad Samanos*. Topónimos formados sobre derivados de *castrum* encontramos, entre eles, *Castrelo* (Ce. 7, 950), *Castrelos* e *Castrellos* (Ce. 457, 1029) e *Castrilon* (Os. 461, 1239)<sup>6</sup>.
6. En Sa. 23, 982 figura *Cortes* como denominación dunha *uilla*: *et circa uilla de Cortes in ripa Marie*. Como nome común achamos a miúdo no noso corpus –sobre todo, no século X– a grafía *corte* pero tamén a tradicional *cohortem*, ou mesmo *curtem*. Tocante ó seu significado a polisemia é o que o define: recintos cercados dentro dos que se alzaban edificacións e mesmo espazos para a hortofruticultura, calquera espazo acoutado ou unha construción para o gando, son as principais acepcións.
7. *Quintana* aparece como apelativo no noso corpus dende o século X, a saber, Ce. 228, 936, *et anteposuerunt de kintana nostra usque in domo illius...* A orixe desta

voz é bastante controvertida: sería un derivado de *quintus* mais o sufixo *-ana* e para comprendela habería que situala baixo a influencia dos agrimensores romanos porque de expresións como *uilla quintana* acabaría xurdindo o substantivo *quintana*<sup>7</sup>. Este termo no noso corpus designa fundamentalmente unha propiedade rústica, ás veces cercada, de tamaño diverso que de xeito xeral incluía no seu interior unha vivenda familiar coas súas dependencias e con algúns terreos de cultivo. En canto ós topónimos que suscitou destacaremos o seu polimorfismo, neste caso maior ca nos apelativos. Así á beira dunha forma coincidente na grafía coa tradicional como sucede en SoII. 136, 1185, *hereditatem... et est pernominata Barrio et Quintanas*, encontramos outras onde a perda romance do *-n-*intervocálico é manifesta -algo que non sucedía no nome común- por exemplo, en So. 362, s. d. *medietas de Casale et medietas de Quintaas et Salgeiroos* ou tamén en Lo. 60, 1239 onde aparece un *Quinta*, o mesmo sucede con outro topónimo creado co sufixo diminutivo *-ellus*: So. 362, s. d., *Medietas de Quintaela est de Superaddo*. Con todo, son máis comúns formas como *Quintanella* (Ce. 71, 916); *Kintanella* (Ce. 217, 1002) ou *Quintanela* (Ce. 278, 1074).

8. Un dos termos latinos para aludir a unha pequena poboación era *uicus*. Como tal aparece tamén no noso corpus medieval, por exemplo, \*CO. 51, 1214, *domum in uico Villare* ou \*CO. 87, 1223, *Sunt autem domus quas damus in uico Sutorum in quibus moramus*. Pero xa se observa como o significado orixinario desapareceu en certas designacións toponímicas como Sa. 15, 1020-1061, *in uilla de Vigo* ou \*Sa S-14, 1061, *iusta uilla Vico*; en cambio, noutras como CO. 92, 1224, *et in Vico Nouo casas que fuerunt fratris...* parece manterse.
9. Dentro deste apartado debemos mencionar tamén a voz *uilla*. A importancia desta unidade de poboación e de explotación agraria foi tal no período medieval que estudar o significado contextual de cada ocorrencia documental así como os topónimos que suscitou sería un traballo verdadeiramente considerable. Polo que ás indicacións de lugar se refire habería que distinguir dous tipos: as formadas sobre o propio substantivo, especificado coas características do lugar no que se atopa ou polo nome do posesor (véxase, entre outras, Ce. 233, 886, *Donamus uobis uillas dicunt, Salzeto, Uilla Plana, Diminici* ou Ce. 269, 1106, *de hereditate de Vila Iohannis media*) e aquelas que remiten a un derivado gramatical de *uilla*, por exemplo *Villella* (Ce. 20, 1075).
10. Por último, para rematar este epígrafe incluímos un derivado de *uilla* co sufixo *-are* que gozou de certa fortuna como apelativo e como topónimo, a saber, *uillar*. Os *uillares* eran pequenas explotacións rurais ou poboacións que podían integrar unha *uilla* como parece desprenderse por exemplo de Sa. 2, 951, *et in Nauia ubi dicunt uilla Plana uillare quen dicunt Adolani*. Como topónimo ten o mesmo comportamento que *uilla* e tamén deixou varios derivados: cf. *Villar* (Sa. 65, 1162), *Villarino* (Ce. 2, 942) ou *Villarelio* (Ce. 300, 1063).

## b. Topónimos relativos a construcións ou edificacións destinadas á habitación.

1. En Os. 427, 1237 figura como topónimo *Albergaria: quidquid habemus uel habere debemus in Castro et in Albergaria*. Todo apunta a que a orixe desta voz é un derivado en *-aria* do substantivo *albergue* < gót. *\*haribatrgo*, que entraría na Península a través da lingua de Oc ou do catalán (DCECH, s. u. *albergue*); con todo, fóra deste dominio, na Península a cronoloxía de *albergaria* é anterior á do simple *albergue*. Como apelativo na documentación galega -sempre co sufixo *-aria*- Lorenzo (CVGP. s. u. *albergaria*) documéntao por vez primeira no 1094, *ad illa albergaria de loci apostoli pane modios...* Tratábase de entidades benéficas, polo xeral monásticas, que servían de hospicio transitorio de pobres, enfermos, peregrinos ou pasaxeiros.
2. Para referirse á vivenda nas actas medievais atopamos dúas voces: *casa* e *domus*. *Domus* era a palabra clásica para denotar o lugar de residencia; moi frecuente ó longo de todo o período analizado (nun 14% dos docs.) acada a maior porcentaxe de utilización no século X e o seu uso vai diminuindo progresivamente cun lixeiro repunte a partir de mediados do século XII, coincidindo coa melloría xeral dos coñecementos do latín. Pola contra, *casa*, que orixinariamente significaba ‘choza, cabana’ acadou no período medieval o valor de construción, de edificio e, entre eles, o destinado á morada e como tal perviviu no noso romance; empregada sobre todo a partir do século X –malia que a primeira mención é en Sa. 137, 785, *ad dominos de casa de Samanos*–, presenta o seu maior índice de uso no século XI para ir diminuindo progresivamente. Pois ben, a este apelativo remiten dende o período medieval varios topónimos<sup>8</sup>: en So. 196, 1203, *quantum pertinet ad capud meum ex parte matris in Iacente, et in Casa de Sanchu, cum omnibus pertinentibus suis* e en Ce. 457, 1029, *Casa sola*; ou *Centum casas* (So. 127, 1037) que sufriu escritas moi diferentes no mesmo Tombo, entre elas, *Centumcasibus* (SoII. 13, 1142), *Centumcasas* (So. 260, 1159) ou as romances *Cencasas* (So. 296, 1157), *Cenkassas* (So. 478, 1157) e *Cemcasas* (So. 362, s.d.). Tamén o diminutivo orixinou un nome de lugar como o corrobora *Caselas* (Cv. 51, 1104). Finalmente, en \*Os. 124, 1208 xa atopamos a locución prepositiva *cas de: quomodo, scilicet, diuidet de Costa et per Lombum de Cas d-Ansedes*, testemuño que adianta a primeira recollida por Viterbo no 1298; e tamén en So. 424, s.d. *Cas de Danel*.
3. As vivendas fortificadas que servían de residencia real ou señorial poden recibir na nosa documentación o nome de *castellum* < dim. de *castrum*. Empezamos a ter datos como apelativo a partir do século X –Ce. 249, 941, *uillas in ripa Minei Fegio cum suos uicos arenti et castello cum suis piscariis*– e como topónimo xa documentamos un *Castello* nun diploma real de TA. 18, 899. Canto á escrita do topónimo prevalece a tradicional, véxase, Ce. 7, 950, *testamus in territorio Salienes uilla Castello*, \*Me. 76, 1232, So. 145, 1145 ou Sa. 4, 1082. Formas

con grafía romance achámolas en So. 422, s.d. *Duas partes de Castelo* e en SoII. 391, 1063, *et per ubi sparte Osseto et Kastelo et inde per terminos*; e tamén encontramos o diminutivo en Sa. 97, 1074, *item alia uilla uocabulo Castillon integra*.

4. Outro tipo de edificacións que aparecen ben documentadas no noso corpus son os *hospitales*. En latín clásico *hospitale* < *hospes* designaba o cuarto para o hóspede e é probable que fose unha voz introducida na Península polos monxes cluniacenses para designar as residencias monásticas e os albergues de peregrinos, viaxeiros e pobres onde eran acollidos e mesmo sanados (DCECH, s. u. *huésped*); con tal valor, amais do de residencia dunha orde militar-relixiosa documentámola por primeira vez en So. 434, 1172, *Et si infirmus fuero uel placatus debeo uobis indicare et ad ospitale uestrum me aduocare*. En tanto que designación de lugar, xa encontramos esta voz nomeando a un burgo en SoII. 1164, 110, *casa propria quam habemus uel habere debemus in Burgo que uocitant Hospitale de monte Leporario*; certo valor toponímico tamén semella recoñecerse a Os. 346, 1231, *et como diuidit de ipsa de Yspitale et de ipsa*, onde amais encontramos a variante *Yspitale* que desenvolveu a vogal *i-* ante a secuencia fónica *s+cons*, fenómeno este testemuñado dende antigo<sup>9</sup>.

5. Os topónimos galegos actuais *Pazo(s)* / *Pacio(s)* / *Pazó* remontan ó latín *palatium* ‘palacio imperial’. Este substantivo, usado en todos os períodos, detectámolo por vez primeira na nosa documentación de Galicia a comezos do século X en TA. 19, 910, *uillam Cesari, Sanctum Iulianum et palatium cum habitatoribus earum*. A partir de aquí as súas ocorrencias fanse máis habituais e a intercambiabilidade na escrita das formas *palatio* e *palacio* amosan que tanto o grupo *-ti-* coma *-ci-* serven para notar un son palatalizado; de todas maneiras, cómpre destacar que a variante preferida é a coincidente coa clásica. As acepcións que presenta no noso corpus son basicamente tres: residencia real, residencia de certo rango, señorial e edificio máis importante dos que integran a vivenda dunha persoa de preeminencia social e económica. No terreo da toponimia, as variantes gráficas son as mesmas e non nos van achegar información diacrónica de relevo para o estudo da distribución actual de *Pazo* / *Pacio*: en Ce. 4, 938, *medietatem de uilla Palatio* (ref. actual *Pazos*); Sa. 55, 1091, *que dicunt Sala et alia Palacio* (ref. actual *Pacio*); Sa. 54, 1125, *adiunctiones pernomينات II<sup>as</sup> in Palatio* (ref. actual *Pacios*) ou Sa. 49, 1195, *in eadem uilla in loco qui dicitur Palatium*. Daquela as palabras de Pensado (1999:322) seguen a ter vixencia: «Pero la verdad es que aún hoy no disponemos de materiales diacrónicos suficientes para saber si la distribución actual de *Pacios*, es resultado de un semicultismo medieval, es prolongación de la yod leonesa, o un híbrido resultante del cruce del *Pazo(s)* tradicional con el cast. *Palacio(s)* como piensa Piel...» Esta última hipótese é pola que se decanta Pensado. Menos problemas presenta *Pazó*, diminutivo ben testemuñado baixo as variantes *Palatiolo* (Ce. 260, 1063), *Palaciolo* (Ce. 293, 1078) ou *Palazolo* (TA. 132, 1182)<sup>10</sup>.

*Terminoloxía relativa á arquitectura civil na documentación altomedieval de Galicia*

6. En So. 83, 827, lemos *castrum de Paredinas*. Trátase dun topónimo que remonta ó latín *parietinae* ‘muros vellos’ que á súa vez procedía de *paries*. A documentación galega descoñece esta voz pero, en cambio, presenta un derivado co sufixo *-arius* para se referir a muros ou edificios en ruínas, a saber, *paritenarios* (Ce. 368, 1009) e *pardinariis* (TC. 15, 1250). Por outra parte, o nome común *paries* que na prosa tabeliónica aludía a valados, murallas ou paredes dun edificio deixou abundantes pegadas toponímicas nas propias actas: *Paretes* (Ce. 163, 932), *Parietes* (So. 129, 942) ou *Paredes* (So. 129, 942).
7. Un termo que tan só recollemos en dúas ocasións como apelativo (Ce. 224, 934, *pausata* e Xu. 56, 1159, *pausada*) e que non obstante está na base de varios topónimos é *pausata*. A súa orixe quizais estea nunha elipse de *uilla pausata* < supino de *pausare* ‘deterse’, ‘descansar’ (Lange 1966: 188). Trátase dunha palabra exclusiva da Península Ibérica e o seu significado semella ser o de vivenda situada preto dunha explotación agraria destinada á habitación temporal por repouso ou traballo. Como topónimo dálle nome a unha vila en So. 4, 959, *in Marina, uilla Pausata, alia uilla Sauariz*; tamén figura no tombo de Celanova, entre outros, en Ce. 541, 1104, *in loco predicto iusta uilla que dicunt Pausata* e no de Samos, Sa. 23, 982, *uillam que uocitant Pausata*.
8. A colección documental galega editada máis importante, polo menos en número de docs., é a do mosteiro de Sobrado dos Monxes. Aquí poderemos encontrar este topónimo grafado de varias formas: *Superaddo*, *Superato*, *Superado*, *Subradu*, *Sobrado* ou *Sobradu*; tamén achamos a forma diminutiva *Sobradello* en \*Me. 131, 1250. A orixe desta voz é controvertida e os estudosos repártanse entre un derivado de *suber* (Sarmiento, Leite de Vasconcelos ou Nunes), de *superatum* ‘aquilo que sobresaí’ (De Diego, Lange ou Piel) ou de *superadditum* ‘engadir a algo, por encima’ (DCECH, s. u. *sobre*). En calquera caso, podemos afirmar que se trata dun termo propiamente hispánico que, como apelativo, recollemos nunha ducia dos nosos documentos, con diversas variantes gráficas. Lorenzo (CVGP, s. u. *sobrado*) rexístrao dende o a. 947, *orreos II superato lectos*; no noso corpus dende TA. 93, 1028. O seu significado parece ser o de edificio de dúas plantas, ou sexa, cun andar superior ademais da planta baixa; situado ou non dentro da poboación, podería servir como habitación ou para gardar diversos enseres e produtos.
9. Para rematar esta parte debemos facer referencia ós topónimos xurdidos do latín *turris* ‘palacio, lugar fortificado’. Durante a Idade Media o seu uso é frecuente se ben no noso corpus a data de aparición como apelativo é tardía, en Sa. 145, 1096, e tampouco son moi numerosas as mencións. O seu significado pode ir dende construcións fortificadas con función militar e/ou residencial ata parte das murallas, un torreón ou incluso un campanario; en calquera caso, a tipoloxía destas construcións convertíaa nun elemento destacado da paisaxe

Xaime Varela Sieiro

polo que a miúdo a súa utilización contextual nas actas ten un evidente valor demarcativo. Tocante ós topónimos que xerou presentan a mesma forma: Sa. 115, 982, *uillas prenominatas Caraceto et Turres* ou So. 362, s.d. *De hereditatura hereditatis de Turre*.

### c. Topónimos que aluden a anexos e/ou dependencias da vivenda

1. Os edificios destinados a gardar o viño e os útiles necesarios para a súa elaboración, ou sexa, as adegas, tamén parece que motivaron algún topónimo como podería ser o de *Abdega* que nomea unha vila en Ce. 457, 1029. Esta variante gráfica é unha das catro utilizadas no noso corpus para o correspondente apelativo: á beira de *abdega* (CO. 44, 1208), encontramos *apotecis* (Sa. 33, 902), *adegas* (Xu. 1, 977) e *bodega* (Cv. 79, 1108); todas elas proveñen do latín *apotheca* ‘almacén para as provisións’. Tanto a forma toponímica coma o apelativo intentan representar a forma vernácula.
2. Outra voz presente na toponimia actual e na medieval é *eira* / *aira*. Este descendente do latín *area* ‘espazo desprovisto de construción’ documentámolo por vez primeira como nome común en Po. 1, 935. Tanto as variantes gráficas (*areas*, *eiras*, *era*, *eyra*, *haeram*, *aeira*...) coma o significado son diversos; tocante a este, non obstante, o fundamental é o de superficie plana non cultivada, á beira da casa, que serve como lugar para a malla de cereais e a seca de legumes. A partir de aquí explicaríanse as referencias toponímicas como o dim. *Eiratella* (SE. 1, 921) ou *Eirolas* (Ce. 336, 995); malia a marcarse como tal, a consideración como topónimo de \*CO. 151, 1234, *per uiam que ducit ad Aream Veteram sicut intrat portum de Freixenedo* parece dubidosa.
3. Construcións rústicas destinadas ós apeiros, á protección do gando ou para gorecerse no campo eran as cabanas. No noso corpus posuímos poucas mencións deste nome común procedente dunha forma tardo-latina *capanna* só documentada en Isidoro; pola contra, si hai bastantes testemuños na toponimia e moi anteriores á súa presenza como apelativo que data do s. XIII: *Cabanas* (So. 6, 966); *Kabanas* (So. 5, 966); *Cabana* (So. 195, 1204) ou o diminutivo *Cabanelas* \*(Os. 327, 1230).
4. Dende o século IX, exactamente en Sa. 128, 849, rexistramos na documentación galega a voz *cellarium* que no latín clásico tiña, entre outras, as acepcións de ‘almacén de provisións’ e ‘lugar para gardar o gran’. Estas acepcións mantivéronse no período medieval se ben adoptou basicamente os valores de construción, exenta ou adherida á vivenda, para almacenamento de cereais e de viño. O seu relevo na paisaxe fai que en ocasións apareza utilizado como referente espacial, por exemplo, en So. 237, 1195, *et habet iacentiam predictam leira inter cellarium de Roderico Brauo et domum*... A partir de aquí é doado



*Terminoloxía relativa á arquitectura civil na documentación altomedieval de Galicia*

enxergar a posibilidade de que pasasen a designar nomes de lugares. Así en Lo. 1, 960 temos xa practicamente a forma toponímica romance *Celleiro*; pola contra, en So. 127, 1037 óptase pola escrita tradicional, *uillas...Pontelias, Ouania, Cellario* ou en \*Po. 17, 1227, figura *Cellariis*. Tamén esta voz presenta o correspondente topónimo formado co diminutivo *-olum*: grafado á maneira tradicional *Cellariolo* (Ce. 137, 1033), *Cellariolos* (Ce. 43, 1095) e con escrita fonética: *Celeiroo* \*(SE. 7, 1196) e *Celeyroo* \*(CO. 133, 1232).

5. Énos difícil de determinar se en Ce. 96, 1097, estamos ou non ante un nome de lugar, máxime cando o editor a pesar de transcribilo con maiúscula logo non o recolle no índice: *et exitu ab utraque parte et ortaleso deforis unum ad illum ostiulum et aliud in ortales de Cisterna*. Dende o período clásico ata o medieval *cisterna* denotaba un lugar para estancar a auga; pero ademais na documentación de Galicia significa, ante todo, lugar de secado e almacenamento de froitos, en especial de noces e castañas, senón véxase, \*SC. 50, 1238, *et quando uolueritis malliare et uindemiare et castaneas de cystemam saccare...* ou Os. 398, 1235, *medietatem fructum ipsorum arborum in cisterna...*
6. Ó latín *currus* parece que habería que remitir en último termo -despois de desbotar varias hipóteses, entre elas, a dunha raíz celta \**cor-* a nosa voz *curral* e tamén *curro*, obtido por un proceso de derivación regresiva (DCECH, s. u. *corral*). Como apelativo, *curral* é pouco frecuente no noso corpus e non se doc. ata o século XIII pois o *curral* de Cb. 1, 788, ocorre nunha acta falsa; pola contra, dende o X aparece en dominios próximos e Lorenzo (CVGP, s. u. *curral*) xa o testemuña dende o 1054: *casa integra et uno cural*. Da información que achegan os docs. conclúese que eran espazos situados diante da casa, polo xeral descubertos e cercados, para uso doméstico e agropecuario; nel incluso podería haber certo tipo de edificacións para estes fins. Ademais, algunhas mencións parecen referirse simplemente a espazos cercados para acubillar animais; así é que tamén se utilizan como puntos de referencia, véxase \*Me. 29, 1218, *et currale de super grangia*. Sobre a toponimia que se lle relaciona fornecemos dous exemplos que responden a unha escrita vernacular e á tradicional: *Curraes* \*(Me. 76, 1232) e *Currales* \*(Os. 413, 1236).
7. Unha das construcións de maior importancia na actividade socioeconómica medieval eran os fornos. Como apelativo testemuñamos a súa presenza na nosa colección documental dende Sa. 58, 1009, *et nostra ratione in illos fornos de tellias*, se ben é verdade que Lorenzo (CVGP, s. u. *forno*) xa o rexistra no dominio galego-portugués dende o a. 897, *uilla de fornos media*. Aínda que a actividade principal era a elaboración do pan, encontramos bastantes testemuños de fornos telleiros, moitos deles interpretados erroneamente como topónimos polos editores: é o caso de *per furnum de Tegula* (SoII. 264, 1152) ou *Forno telario* \*(Ra. 26, 1238) e *Furno tegulario* \*(Me. 117, 1245); ben é verdade, iso

si, que moitos deles foron utilizados como puntos delimitativos polo seu relevo paisaxístico e económico. En tanto que topónimos encontramos *Fornos* nomeando unha vila en Cv. 1, 936 e tamén o diminutivo en Ce. 558, 952, *uilla quos uocitant Furnellus* ou Ce. 380, 961, *uilla que dicunt Fornellos*; a forma feminina *Fornelas* encontrámola en Sa. 63, 1167-1169.

8. Para nomear o edificio onde estaba a prensa para a elaboración do viño e/ou a sidra e para a mesma prensa, unha das voces á que se recorre no noroeste peninsular durante o período medieval é *lagar* < lat. *lacus* 'depósito de líquidos'. Precisamos a área xeográfica desta voz porque é un hispanismo con forte implantación nesta zona, sobre todo, na primeira metade do século XIII pois integraba unha fórmula propia dos contratos forais; aínda que se rexistra con anterioridade —dende Ce. 342, 885—, durante ese período na prosa notarial é maior o uso de *torcular*. Reflexo da importancia destas edificacións é a toponimia, é de ver, Ce. 136, 1152, *deinde per illum portum de Lagares*; tamén *Lagares* en Sa. 219, 1087 ou \*Os. 606, 1248, *in loco qui dicitur Agra, et alia in Lagar*.
9. Outra dependencia á que podería remitir o topónimo *Paliares* (So. 112, 971) ou Sa. 55, 1091, son as paleiras; así e todo, non atopamos nunca como apelativo este derivado de *palea*.
10. Outra construción para a seca e almacén de cereais da que temos constancia no noso corpus, aínda que minimamente, fronte por exemplo, á documentación astur-leonesa, son os hórreos. Como nome común o seu uso remonta ata So. 123, 867, *id est, domos, orreas, cellaria, quoquina...* se ben despois non atopamos máis que outras dúas mencións, quizais porque entrou en certa competencia con *cellarium*, moi ben documentado na prosa notarial de Galicia. Tampouco temos moitos exemplos ó longo do noso corpus de topónimos motivados por este apelativo, a non ser, a vila de *Orria* (So. 112, 971?), onde se situaba un mosteiro de monxas touquinegras, e talvez o diminutivo *Orriolos* (Ce. 457, 1029).
11. Na paisaxe galega da Idade Media tamén sobresaían un tipo de edificios circulares destinados á cría das pombas e á obtención de fertilizante, os pombais. Aínda que con diversas variantes gráficas, o apelativo que achamos nos documentos manexados remiten todos a unha forma *palumbare*, por exemplo, Sa. 8, 1052, *et in illo palumbare...* Pola contra, os topónimos parece que escolleron a variante sufixal *-ariu*; véxase as diversas variantes gráficas utilizadas para mencionar o mosteiro de S. V. de Pombeiro: *Palumbario* (Po. 1, 935); *Polumbario* (Po. 3, 997); *Palombario* (Po. 5, 1109) ou *Pena Poumbeira* \*(Ra. 14, 1225), *Paumbeyro* (Lo. 193, 1122) ou *Palumbeyro* (Lo. 197, 1122); por outro lado, *palumba* parece estar na base de *Palombinam* en Ce. 314, 1221, *et per uiam qua itur ad Palombinam*.

## d. Topónimos motivados por construcións para o gando

1. En principio, a voz *corte* a partir do século XIII pode aludir no noso corpus ó que hoxe coñecemos co mesmo nome; se embargo, a pesar da grafía, coidamos que So. 396, 1211, *et inde per Petram Ramiru usque ad Curtem de Porcis...* non é topónimo como, por outra parte ben transcribe en So. 364, 1211, *et inde per Petram Ramiru usque ad curtem de porcis*.
2. As explotacións dedicadas á cría de porcos levaban o nome de *porcaricia* (So. 195, 1204) e mesmo *porcaria* en Ce. 279, 1096, *et diuide per illa Porcaria et include per ripa de Limia*, aínda que o editor o transcriba como topónimo. Topónimo si o é en Ce. 513, 1074, *ad monasterio de Porcaria* ou, coa forma diminutiva, Ce. 294, 1096, *uilla que dicunt Porcariolas*.
3. Un recinto para cabras ou unha explotación deste tipo de gando parece que pode ser o significado dun apelativo de Ce. 148, 1031, *et de alia parte cum kapraria que fuit de sua mater...* pois estase a utilizar como referencia demarcativa; esta pode ser a orixe de topónimos como Ce. 125, 1164, *et pro seru i-tio quod mihi in Capraria fecisti...* se ben o sufixo *-aria* podería indicar ‘colectividade’.
4. En canto ás explotacións de gando vacún o nome que reciben é o de *uaccariza*. Só documentamos como apelativo esta voz en Sa. 24, 982-990, se ben o editor dáo como topónimo: *uilla de Gendra que fuit Vacariza* e en Ce. 7, 950, ocorre o mesmo, *In campo de Mondego uilla... quod dedimus fratribus de Vaccariza*. Pola contra, en Sa. 22, 1102, ten máis aspecto de ser unha verdadeira designación de lugar: *et per Neira et per Sanctum Vincentium et per Vacariza et per...*
5. O apelativo *curro*, ó igual que *curral* é unha voz hispánica e pouco frecuente nos docs.; recollémola no século X en Ce. 476, 941, *qui diuident per curro de Grisulfo*. O seu significado apunta a recintos valados construídos no campo para o gando. Un dos topónimos a que deu lugar sería o diminutivo *Currello* que aparece en Ce. 456, 940, *uillare que dicunt Currello clauso*.
6. Por último, debemos referirnos ás alvarizas, construcións circulares e valadas que protexían unha explotación apícola. Como designación de lugar atopamos esta voz en So. 3, 952, *in uilla que uocitant Nalare et uilla Aluariza* e en So. 112, 971?, entre outros. A orixe deste topónimo sería *alueare* ‘colmea’ máis o sufixo *-itia > -iza*.

### e. Topónimos alusivos a construcións relacionadas coa auga

1. O edificio ou lugar para tomar baños era designado tanto no latín clásico coma na prosa notarial con *balneum*, como testemuña, Ce. 426, 951, *azenia nostra propria qui est sita sub balneos nostros...* Aínda que dubidoso, o editor dá como topónimo este de CO. 92, 1224, *domibus quas ego feci inter Fontaniam et Balneum*.
2. O substantivo latino *canalis* na prosa documental galega deixou abundantes mostras como apelativo e como nome de lugar; no primeiro caso, destaca a súa polimorfía gráfica e morfolóxica: *canales* (Sa. 226, 947), *cannarum* (Ce. 373, 956), *kanares* (Ce. 404, 964), *kal* (Lo. 1, 969), *cannale* (So. 112, 971), *canal* (Sa. 6, 997), *canares* (Sa. 82, 1010), *kanalle* (Cb. 25, 1065), *caal* (SoII. 182, 1209) ou *cal* (Lo. 28, s.d.). As súas principais acepcións eran a de canalización de tipo fluvial e a de canalización para recoller as augas do campo ou dun tellado. Como topónimo encontrámolo en Sa. 227, 1029, *et aliam terram in Canales*.
3. A idea de canle, dique, ou mesmo de pequena presa parece que é a que lle corresponde a un derivado de *canna*: *canario* (So. 46, 963) e *caneiro* \* (Sa. 172, 1080). Os trazos toponímicos encontrámoslos por exemplo en So. 129, 942, *archam in ripam de Mero, ubi dicent ad Canarium*.
4. *Molinum* é unha voz testemuñada dende antigo no noso corpus, dende Sa. 99, 854, para se referir a muíños de auga. A orixe desta palabra haina que contemplar como un proceso de substantivación do adxectivo latino *molinus*, *a, um* cando acompañaba a substantivos como *saxum*, por exemplo. O relevo económico e mesmo arquitectónico na paisaxe fai que sexan a miúdo utilizados para establecer os límites das propiedades. Daquela o normal é que deixara a súa pegada na toponimia como é o caso de *Molinos* (Ce. 178, 1101) ou Ce. 204, 1005, *in rio de Mulinos*.
5. En Cv. 14, 936 atopamos un lugar chamado *Nasaeim* e en Cv. 2, 1151? *Nassarios*. A base deste topónimo é *nassario* < lat. *nassa* 'nasa' que como apelativo xa ocorre en So. 6, 966. Sería algún tipo de construción ou lugar habilitado no río para que os pescadores coloquen as nasas (Carrillo Boutureira 1999:111).
6. Tamén relacionado coa pesca está o topónimo *Pescarias* (Po. 13, 1193). Como apelativo *piscarias* / *pescarias* < subst. *piscarius*, *a, um* ten o valor de lugar acondicionado para a pesca xa no río xa no mar. Moi recorrente no noso corpus, sobre todo nos séculos X e XI, feito que evidencia a súa importancia, máxime cando o peixe era un alimento fundamental nos mosteiros incluso se non era Coresma.

*Terminoloxía relativa á arquitectura civil na documentación altomedieval de Galicia*

7. Para conseguir peixe tamén se utilizaban enclaves naturais ou construídos, que ás veces, incluso eran aproveitados para a rega, son os viveiros, como este de TA. 152, 1208, *ducent aqua de meo stagno siue uiuario ad ortos suos irrigandos*. Como topónimo atopamos a mesma forma *Viuario* (Lo. 9, 969) e *Vibario* (Ce. 276, 1011).
8. E, sen dúbida, unha das mostras arquitectónicas medievais que aínda podemos contemplar son as pontes. No conxunto documental manexado as primeiras referencias como nome común lévannos ata Ce. 535, 953, *in loco predicto ad pontem petrineam*; con todo, a maior profusión de noticias sitúase nos séculos XII-XIII. Contextualmente, case sempre aparecen para servir como punto de referencia. Entre os topónimos que aluden ás pontes: Sa. 24, 982-990, *alia terra in Ponte*; Ce. 74, 963, *uilla de Pontelias* ou Sa. 225, 1093, *discurrente aqua de Pontizelas*.
9. Os pozos de auga tamén motivaron designacións toponímicas como Ce. 2, 942, *In Portugal uilla Puteo* ou Ce. 159, 1025-1040, *qui habitat in Puzo*. Son nomes que remiten ó latín *puteus* e que como apelativo tivo a súa continuación no latín notarial con variantes gráficas tales que *puteum* (So. 43, 818), *pozo* (Ce. 493, 918) ou *puzo* (Ce. 508, 918).
10. O sal era un dos produtos máis prezados no período medieval, sobre todo, en Galicia bastante deficitaria nesta época; case todos os mosteiros tiñan as súas propias salinas, moitas delas bastantes afastadas. Temos salinas documentadas dende Sa. 41, 853, *in salinense uilla... cum terras et suas salinas*. Precisamente, o actual nome de Salnés procede das salinas que alí había e os notarios utilizan diversas variantes para notalo: *Salienes* (Ce. 2, 942); *Saliniense* (Ce. 4, 938) ou *Saliense* (Ce. 357, 949).

En resumo, despois desta sucinta análise de preto de cincuenta voces -latinas, na súa maior parte- do campo semántico da arquitectura apréciase a súa alta capacidade para formar topónimos. A súa condición de elementos destacados na paisaxe levounos a seren utilizados como referentes delimitativos e ó seu redor fixeron xurdir designacións toponímicas. Por outra banda, son unha fonte importante para estudar as intrincadas relacións latín -lingua aprendida- e romance -lingua natural- existentes na documentación latina altomedieval. Por último, é necesario chamar a atención dos editores de textos en prol da busca dun maior nivel de corrección e de coherencia á hora da transcripción dos nomes de lugar<sup>11</sup>.

Xaime Varela Sieiro

# BIBLIOGRAFÍA

- Álvarez Maurín, Ma del P. (1994): *Diplomática asturleonense: terminología toponímica*. León: Universidad de León.
- Andrade Cernadas, J. M. (1995): *O tombo de Celanova: estudio introductorio, edición e índices (ss. IX-XII)*. 2 t. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. **Cit. Ce.**
- Carrillo Boutureira, F. J. (1998): «*Infesto, in prono* y variantes en la documentación medieval de Galicia», *Actas II Congreso Hispánico de Latín Medieval* (coord. Maurilio Pérez González). León: Univ. León, 1988, vol. I, 317-329.
- Carrillo Boutureira, F. J. (1999): «La actividad pesquera en la Galicia de los ss. IX-XIII, a través de la diplomática medieval y de la toponimia actual», *Anuario Brigantino* 22, 105-134.
- Corominas, J. / J. A. Pascual (1984-1991): *Diccionario Crítico Etimológico Castellano e Hispánico*. Seis vols. Madrid: Gredos. **Cit. DCECH.**
- Corriente, F. (1999): *Diccionario de arabismos y voces afines en iberorromance*. Madrid: Gredos. **Cit. DAI.**
- Duro Peña, E. (1977): *El monasterio de San Esteban de Ribas de Sil*. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos «Padre Feijoo». **Cit. SE.**
- Duro Peña, E. (1996): *Documentos da Catedral de Ourense*. 2 t. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. **Cit. CO.**
- Fernández De Viana Y Vieites, J. I. / Ma T. González Balasch / J. C. De Pablos Ramírez (1996-7): «El Tumbo de Caaveiro», *Cátedra. Revista eumesa de estudios* 1996, 3, 267-437; 1997, 4, 221-385. **Cit. Cv.**
- Lange, W.-D. (1966): *Philologische Studien zur Latinität uesthhispanischer Privaturkunden des 9.-12. Jahrhunderts*. Leiden-Köln: E. J. Brill.
- Loscertales, P. (1976): *Tumbos del monasterio de Sobrado de los Monjes*, 2 vols., Madrid. **Cit. So e SoII.**
- LORENZO, R. (1968): *Sobre cronología do vocabulário Galego-Português. (Anotações ao 'Dicionário etimológico' de José Pedro Machado)*. Vigo: Ed. Galaxia. **Cit. CVGP.**
- Lucas Álvarez, M. (1957-58): «La colección diplomática del monasterio de San Lorenzo de Carboeiro», *Compostellanum*, II, 4, 1957, 199-223 ; III, 2, 1958, 29-116 ; III, 4, 1958, 547-638. **Cit. Cb.**
- Lucas Álvarez, M. (1986): *El Tumbo de San Julián de Samos (siglos VIII-XII). Estudio introductorio. Edición diplomática. Apéndices e Índices*. Santiago: Publicacións da Obra Social de Caixa Galicia. **Cit. Sa.**

*Terminoloxía relativa á arquitectura civil na documentación altomedieval de Galicia*

- Lucas Álvarez, M. (1998): *Tumbo A de la catedral de Santiago*. Santiago de Compostela: Seminario de Estudos Galegos- Cabildo de la S.A.M.I. Catedral-Edicións do Castro. **Cit. TA.**
- Lucas Álvarez, M./ P. P. Lucas Domínguez (1988): *San Pedro de Ramirás. Un monasterio femenino en la Edad Media. Colección diplomática*. Santiago: Publicacións de Caixa Galicia. **Cit. Ra.**
- Lucas Álvarez, M./ P. P. Lucas Domínguez (1996): *El priorato benedictino de San Vicenzo de Pombeiro y su colección diplomática en la Edad Media*. Sada: Publicacións do Seminario de Estudos Galegos, Edicións do Castro. **Cit. Po.**
- Montero Díaz, S. (1935): «La colección diplomática de San Martín de Jubia (927-1199)», *Boletín de la Universidad de Santiago* 25, 3-159. **Cit. Xu.**
- Moralejo Laso, A. (1977): *Toponimia gallega y leonesa*. Santiago de Compostela: Ed. Pico Sacro.
- Rivas Quintas, E. (1981): «O tema latino *casa* na Rivoira Sacrata», *Boletín Auriense* 11, 227-274.
- Rivas Quintas, E. (1976): «La isoglosa Pazo / Pacio en Galicia», *Verba* 3, 1976, 357-364.
- Rodríguez González, Á. / J. A. Rey Cañía (1992): «El Tumbo de Lorenzana», *Estudios Mindonienses* 8, 11-324. **Cit. Lo.**
- Romaní Martínez, M. (1989): *A colección diplomática do mosteiro cisterciense de Santa María de Oseira (Ourense) (1025-1310)*, 2 vols., Santiago de Compostela. **Cit. Os.**
- Salvado Martínez, V. / B. Salvado Martínez (1991): «Tumbo de Toxosoutos. Siglos XII y XIII», *Compostellanum* 36, 1-2, 165-227. **Cit. To.**
- Sarmiento, Fr. M. (1999): *Onomástico etimológico de la lengua gallega*. Edición y Estudio de J. L. Pensado. [A Coruña]: Fundación Barrié de la Maza.
- Soto Lamas, M<sup>a</sup> T. (1992): *La colección Diplomática del monasterio cisterciense de Melón, Ourense (Pergaminos de la Catedral de Orense)*, ss. XII-XIII, tese de licenciatura inédita. Santiago de Compostela. **Cit. Me.**
- Väänänen, V. (1988<sup>3</sup>): *Introducción al latín vulgar*. Madrid: Gredos.
- Viterbo, J. de Santa Rosa de (1983-82<sup>3</sup>): *Elucidário das palavras, termos e frases que em Portugal antigamente se usaram e que hoje regularmente se ignoram: obra indispensável para entender sem erros os documentos mais raros e preciosos que entre nós se conservam*. Edición crítica de Mário Fiúza. Porto: Civilização, 2 vols. (primeira imp. 1798-99).

Xaime Varela Sieiro

---

#### NOTAS

1. Vid. Sarmiento 1999:16.
2. Vid. Moralejo 1997:20.
3. Vid. Álvarez Maurín 1994:80.
4. Para citar os documentos do noso corpus seguimos o procedemento seguinte: unha abreviación da entidade relixiosa da que procede a devandita acta, o número de documento na edición manexada e, por último, a data da carta. Un asterisco antecedendo a esta referencia indicará que é un doc. orixinal.
5. Vid. Ce. 7, 950, *in arrualde de ciuitate de Colimbria* ou esta acta citada por Lange (1966:201) do a. 1109, *domos quam habemus in illa arrualde foras muro ciuitate*.
6. Como apelativo en Ce. 307, 1033, *terra sine seminataura, id est sub castrilione*.
7. Lange 1996:145.
8. Un estudo diacrónico da toponimia actual da Ribeira Sacra motivada polo tema casa en Rivas Quintas (1981).
9. Vid. Väänänen 1998:98-99.
10. Rivas Quintas (1976:355) identifica varios lugares que levaban este nome na documentación medieval dende o a. 747 *Palatio (Pacios)*; a. 880 *Palatium (Pacio)*; a. 904 *Palatio (Pazo)* ou a. 969, *Palacios (Pacios)*. Despois de trazar perfectamente a isoglosa *Pazo / Pacio* na toponimia actual galega coida que ó redor dos ss. VII-IX foi cando se bifurcou o topónimo seguindo unha evolución vulgar (*Pazo*) ou semiculta (*Pacio*) debido á repoboación de lugares.
11. Un estudo de Carrillo Boutureira (1998:317-329) sobre a interpretación dos editores das voces *infesto* e *in prono* é un magnífico exemplo deste tipo de problemas.